

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**PONTEAREAS**

**Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

*PREZOS PÚBLICOS DOS CENTROS MUNICIPAIS MARZO 2021*

*EXPT. 477/2021 (MARZO 2021)*

*Aprobación de liquidacións dos servizos municipais, “Residencia de maiores municipal, Servizo de axuda no fogar dependencia, Servizo de axuda no fogar municipal, Escola Infantil municipal, Escola de Musica municipal, Conservatorio Municipal, Aula Matinal” do mes de MARZO do 2021.*

*EDICTO*

Por Decreto de Alcaldía, núm. 2021-0887, do 15 de Abril do 2021; aprobáronse as liquidacións de cotas aos usuarios correspondentes ao mes de Marzo do 2021 para os seguintes servizos municipais: “Residencia de maiores municipal, Servizo de axuda no fogar dependencia, Servizo de axuda no fogar municipal, Escola Infantil municipal, Escola de Musica municipal, Conservatorio Municipal Aula Matinal” por un importe de 35.816,16 euros.

Conforme o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria aplicable á facenda das entidades locais en aplicación do disposto no artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da lei reguladora de facendas locais, quedan expostos ao público durante o prazo de 15 días para o seu exame e reclamación por parte das persoas interesadas. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Contra as débedas consignadas nos padróns contributivos e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

- Reposición, perante a alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
- Contencioso-administrativo, perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de 6 meses dende a súa interposición, se non o fose.
- Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento xeral de recadación, expónse o público o seguinte anuncio de cobranza:



Martes, 4 de maio de 2021

Núm. 83

*Prazo de ingreso:* o período voluntario de cobranza dos ingresos de dereito público indicados será do 20 do mes da aprobación ata o 19 do segundo mes posterior ou hábil posterior.

*Lugar de ingreso:* para as débedas non domiciliadas, nas entidades bancarias colaboradoras (A Banca e Banco Santander), empregando o documento de ingreso (carta de pagamento) que se entregará a solicitude dó contribuínte no departamento de Rendas ou no propio Centro xestor. E mediante cargo en conta polos servizos económicos municipais para as domiciliacións autorizadas polo contribuínte.

No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ao pagamento poderá obter un duplicado nas Oficinas do departamento de Rendas municipal.

Os contribuíntes non domiciliados deberán solicitar o documento de ingreso na oficina indicada, e efectuar o pagamento debido, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento, e non impide a utilización da vía de constrinximento.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento de constrinximento, o devindicamento do recargo e demais conceptos esixibles tal e como se fixa no artigo 26 e 28 e 161 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Documento asinado dixitalmente

